



RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL AUXILIAR E ASESOR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DE DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2015.

Consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo convocado para a provisión, mediante oposición libre, de dúas prazas de auxiliar administrativo da administración xeral, incluídas na oferta de emprego público do ano 2015, publicadas no BOP núm. 144 do 29 de xullo de 2016, o Tribunal cualificador, por medio do seu presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

Dado o grande número de admitidos no proceso selectivo e para un mellor desenvolvemento na realización do primeiro exercicio tipo test, o Tribunal acordou a incorporación de persoal auxiliar para a colaboración deste exercicio.

Asemade, o Tribunal cualificador acordou designar un membro asesor especialista para a corrección do primeiro exercicio-tipo test e para a colaboración no terceiro exercicio sobre o coñecemento do idioma galego.

Á vista do anterior esta concellería de goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE

Primeiro.- Designar en calidade de membro persoal auxiliar para o primeiro exercicio, tipo test, ao persoal seguinte:

- Don José Ramón del Río Fernández, auxiliar administrativo do Servizo de Persoal.
- Don José Antonio Álvarez Vilariño, subalterno na Unidade operativa de Conserxería.

Segundo.- Designar en calidade de membro asesor do tribunal pola especialización técnica da aplicación informática de corrección do primeiro exercicio (tipo test), a don Santiago Pérez Agra, técnico medio de xestión do Servizo de informática.

Terceiro.- Designar en calidade de membro asesor do tribunal para o terceiro exercicio, sobre o coñecemento de idioma galego, a dona Concepción Cochón Rodríguez, asesora lingüística do Concello de Pontevedra.

Cuarto. Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, situado no baixo do edificio Michelena 30, para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Así o dispuxo e ordenou nesta resolución o Concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, na data que consta na súa sinatura electrónica, do que dá fe o Secretario.

